O XÉNERO

Guías para a incorporación do principio de igualdade de xénero nas políticas públicas

Guía de apoio para o establecemento de cláusulas sociais de igualdade

Deputación DA CORUÑA

IGUALDADE DE XÉNERO
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Guías Integra o Xénero

Definición daqueles conceptos que cómpre entender para a súa consecución

Aspectos a ter en conta na incorporación transversal da perspectiva de xénero no desenvolvemento de políticas públicas desde as Administracións

Para incorporar a perspectiva de xénero e o principio de igualdade e de trato

Acción formativa básica de apoio para o establecemento de cláusulas sociais de igualdade

integra O XÉNERO

Acción formativa básica sobre a integración de xénero nas políticas públicas

1 AS CLÁUSULAS SOCIAIS DE IGUALDADE…

2 A INCLUSIÓN DE CLÁUSULAS SOCIAIS DE IGUALDADE NA CONTRATACIÓN E SUBVENCIÓN PÚBLICAS

3 EXEMPLOS ESPECÍFICOS DE CLÁUSULAS SOCIAIS DE IGUALDADE

integra O XÉNERO

ACTIVIDADE

- Se tiverades que definir con unha ou dúas palabras que son as cláusulas sociais de igualdade, cales serían?

integra
O XÉNERO

No apartado **Glosario** da **Guía de apoio para o establecemento de cláusulas sociais de igualdade** poderedes atopar a definición dalgúns conceptos clave para entender máis afondo en que consiste a incorporación das cláusulas socias de igualdade desde as Administracións públicas.



Capítulo 1.

As cláusulas sociais de igualdade…

EN QUE CONSISTEN?

EXERCICIOS PRÁCTICOS

ASPECTOS DE MELLORA?

EN QUE CONSISTEN?

Na inclusión, nos procedementos de contratación e subvención públicas, de criterios que favorecen a incorporación do principio de igualdade.

No apartado **Lexislación e marco normativo** do Capítulo 1 desta Guía, podedes atopar o marco legal que ampara, e nalgúns caso obriga, o emprego de cláusulas sociais desde as Administracións nas contratacións e subvencións públicas.

Que se busca?

- Xerar **condicións laborais de igualdade entre mulleres e homes.**
- Facilitar a **inserción laboral de mulleres** en situación de exclusión.
- Promover o **acceso das mulleres ao emprego** e a postos de responsabilidade.
- Facer un **uso inclusivo e non sexista da linguaxe**.
- Poñer en marcha **protocolos para a prevención do acoso sexual e por razón de sexo**.
- Garantir a **igualdade salarial e retributiva**.
- Fomentar a **formación e sensibilización en materia de xénero e igualdade.**
- Incorporar accións de **prevención de riscos laborais con perspectiva de xénero**.
- Instaurar a **recollida de datos desagregados por sexo.**
- Introducir **medidas de conciliación e corresponsabilidade.**

EXERCICIO PRÁCTICO

integra
O XÉNERO

- O actual marco lexislativo suxire a incorporación de cláusulas sociais de igualdade nos contratos, pero non obriga a súa inclusión.

integra
O XÉNERO

- O actual marco lexislativo a nivel estatal e comunitario suxire a incorporación de cláusulas sociais de igualdade nos contratos, pero non obriga a súa inclusión.

FALSO

A **Lei de Contratos do Sector Público, en adaptación á Directiva 2014/24/UE do parlamento europeo e do consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación**, recolle nos seus artigos 1.3 e 28.2 o seguinte:

ARTIGO 1. OBXECTO E FINALIDADE

3. En toda contratación pública incorporaranse de maneira transversal e preceptiva os criterios sociais e ambientais sempre que garden relación co obxecto do contrato, na convicción de que a súa inclusión proporciona unha mellor relación calidade-prezo na prestación contractual, así como unha maior e mellor eficiencia na utilización dos fondos públicos.

ARTIGO 28. NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO E EFICIENCIA NA CONTRATACIÓN

2. As entidades do sector público velarán pola eficiencia e polo mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, favorecerán a axilización de trámites, valorarán a incorporación de consideracións sociais, ambientais e de innovación como os aspectos positivos nos procedementos de contratación pública e promoverán a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na presente Lei.

integra
O XÉNERO

- O actual marco lexislativo a nivel estatal e comunitario suxire a incorporación de cláusulas sociais de igualdade nos contratos, pero non obriga a súa inclusión.

FALSO

Tamén na **Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva entre Mulleres e Homes**, o Artigo 33 está dirixido aos contratos das Administracións públicas.

ARTIGO 33. CONTRATOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

As Administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, a través dos seus órganos de contratación e, en relación coa execución dos contratos que celebren, poderán establecer condicións especiais co fin de promover a igualdade entre mulleres e homes no marco do seu traballo, de acordo co establecido na lexislación de contratos do sector público.

integra
O XÉNERO

- As cláusulas sociais aumentan o gasto público destinado ás prestacións sociais.

integra O XÉNERO

- As cláusulas sociais aumentan o gasto público destinado ás prestacións sociais.

FALSO

As cláusulas sociais de igualdade reducen o gasto público destinado a prestacións sociais. A medio ou longo prazo, ditas cláusulas xeran unha redución en inversión para paliar os efectos das desigualdades sociais, diminuíndo o pago de subsidios e axudas, así como os esforzos dos Servizos Sociais do territorio.

integra
O XÉNERO

- As cláusulas sociais de igualdade apoian as políticas sociais con políticas activas que fomentan o emprego.

integra
O XÉNERO

- As cláusulas sociais de igualdade apoian as políticas sociais con políticas activas que fomentan o emprego.

VERDADEIRO

A través das cláusulas sociais de igualdade, pódese facilitar a cohesión social, reforzar o emprego no territorio e dar oportunidades a persoas menos favorecidas.

integra
O XÉNERO

- As cláusulas sociais de igualdade xeran unha maior riqueza no territorio.

integra
O XÉNERO

- As cláusulas sociais de igualdade xeran unha maior riqueza no territorio.

VERDADEIRO

Producen ingresos e unha maior riqueza no territorio gracias á recadación que supón a contratación de novas persoas cotizantes. A través da inclusión de cláusulas sociais de igualdade, promóvese a creación de empresas que teñen como obxectivo a creación de emprego para persoas e colectivos que teñen maiores dificultades de acceso ao mercado laboral.

integra
O XÉNERO

- As cláusulas sociais de igualdade fomentan a responsabilidade social ao implicar ao tecido empresarial e asociativo do territorio.

integra
O XÉNERO

- As cláusulas sociais de igualdade fomentan a responsabilidade social ao implicar ao tecido empresarial e asociativo do territori

VERDADEIRO

As cláusulas sociais de igualdade permiten sondar a empresas e entidades dun determinado sector de actividade para determinar cal é o seu grao de desenvolvemento en materia de igualdade e ata onde pode chegar, así como detectar medidas futuras a poñer en marcha dende a Administración.

integra
O XÉNERO

ASPECTOS DE MELLORA

Onde é necesario poñer o foco?

Cales son os principais erros que adoitamos cometer á hora de incluír cláusulas sociais de igualdade desde as Administracións públicas?

- **Introducir cláusulas moi xenéricas e abstractas**, que non producen ningún efecto directo e non se poden verificar.
- **Valorar o cumprimento coa normativa vixente**, pois xa é de obrigado cumprimento.
- **Incorporar os mesmos criterios nos que concorrerán grandes empresas que en licitacións nas que se presentarán pequenas empresas ou persoas autónomas.**
- **Incorporar o mesmo tipo de cláusulas a todos os sectores de actividade.**
- **Valorar que se dispoña e aplique un Plan de Igualdade.**
- **Esixir certificacións de igualdade.**
- **Esixir cadros de persoal que cumpran co principio de paridade sen ter en conta o sector ao que pertencen.**
- **Valorar a contratación de mulleres en postos cualificados.** É preferible que se incentive a promoción interna de mulleres que xa formen parte do cadro de persoal e se atopen en disposición de prestar o servizo.

A contratación das empresas ou entidades que non dispoñan dun Plan de Igualdade cando estean na obriga de facelo, conforma unha prohibición para a contratación por parte das Administracións públicas recollida na LCSP.

Capítulo 2.

A inclusión de cláusulas sociais de igualdade na contratación e subvencións públicas

COMO SE INCLÚEN?

QUE DEBEN CONTER?

COMO SE INCLÚEN?

FASES	ETAPAS		
1 ANÁLISE E PREPARACIÓN	Planificación		
	Consultas preliminares		
	Descrición do(s) obxectivo(s)		
	Xustificación		
	Aspectos laborais: – Cadro de persoal necesario e cualificación – Convenio aplicable – Custos laborais		
2 REDACCIÓN	Obrigas legais		
	Prohibicións	Para contratar	Consultar o artigo 171 da LCSP e artigo 2 do Real decreto 901/2020.
		Para concorrer	Consultar os apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002.
	Criterios de admisión (exclusión e selección)	Solvencia técnica	
		Requisitos das entidades beneficiarias	
	Criterios de adxudicación		Criterios de valoración
	Criterios de preferencia ou desempate		
	Condicións de execución		Obrigas
3 EXECUCIÓN E VERIFICACIÓN	Obrigas esenciais		
	Penalidades, rescisión e prohibición		
	Verificación e acreditación		
	Control e avaliación		

CÓDIGO DE CORES ▸ Contratación | Subvención | Ambas

COMO SE INCLÚEN?

Fase 1. Análise e preparación

Planificación

Consultas preliminares

Descrición do(s) obxectivo(s)

Xustificación

Aspectos laborais:

- Cadro de persoal necesario e cualificación
- Convenio aplicable
- Custos laborais

Contratación | Subvención | Ambas

Analizar o contido e as características de cada contrato e de cada subvención significa considerar o seu valor estimado, a súa duración, o seu sector de actividade, o seu obxecto contractual, o cadro de persoal necesario e a súa cualificación, os custes laborais, o nivel de responsabilidade social, etc.

Nesta fase, pódense incluír cláusulas de igualdade coma **criterios no contido da propia definición do obxecto**. Non obstante, tan só se poderán introducir neste ámbito se están vencelladas directamente coa subministración, o servizo ou a obra que conforma o obxecto da prestación. **No caso das subvencións, a posibilidade é máis flexible**, de forma que poden especificarse os criterios de igualdade nun sentido máis amplo na definición do obxecto.

COMO SE INCLÚEN?

Fase 2.
Redacción

Obrigas legais		
Prohibicións	Para contratar	Consultar o artigo 171 da LCSP e artigo 2 do Real decreto 901/2020
	Para concorrer	Consultar os apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002
Criterios de admisión (exclusión e selección)	Solvencia técnica	
	Requisitos das entidades beneficiarias	
Criterios de adxudicación	Criterios de valoración	
Criterios de preferencia ou desempate		
Condicións de execución	Obrigas	

Contratación	Subvención	Ambas

Poderán incluírse...

- Na selección como **criterios de admisión**
- Na tramitación ou licitación **como criterios de adxudicación ou valoración**
- Como **criterios de preferencia ou desempate**
- Como **condicións de execución ou obrigas**

COMO SE INCLÚEN?

Fase 2. Redacción

Como incluílas na selección como criterios de admisión (requisitos previos)?

Para as contratacións	Solvencia técnica	Poderase requirir que o persoal responsable da execución do obxecto da prestación teña aptitudes específicas, experiencia acreditada e coñecementos técnicos concretos en materia de xénero.
No caso das subvencións	Requisitos das entidades beneficiarias	Este requirimento poderase ampliar a toda a entidade ou a aspectos da entidade máis amplos que o persoal responsable da prestación.

Algúns exemplos...

- Experiencia e traxectoria acreditada en materia de xénero **do persoal técnico responsable** da súa execución.
- Titulación ou formación **do persoal técnico responsable da execución** en materia de xénero e igualdade.
- Experiencia e traxectoria acreditada **do persoal técnico responsable** da execución en materia de xénero e igualdade.

COMO SE INCLÚEN?

Fase 2. Redacción

Como incluílas na tramitación ou licitación como criterios de adxudicación ou valoración (elementos de valoración)?

Deberanse establecer claramente nos pregos (licitacións) ou bases (subvencións):

- Os criterios que se van valorar;
- Que puntuación se lle vai atribuír a cada un deles;
- Indicar como se vai proceder á súa avaliación.

Algúns exemplos para CONTRATOS...

1. Compromiso de implementar accións específicas en materia de xénero e igualdade (formación, selección de persoal, atención, promoción interna, representación, etc.).
2. Incorporación da perspectiva de xénero no plan de prevención de riscos laborais.
3. Compromiso de implementar medidas dirixidas a facilitar a conciliación entre a vida laboral, a persoal e a familiar e a corresponsabilidade (flexibilidade horaria, permisos e excedencias, melloras nas reducións de xornada, ampliación dos permisos por maternidade/paternidade, etc.).

Algúns exemplos para SUBVENCIÓNS...

1. Que a entidade teña entre os seus obxectivos estatutarios ou a finalidade social da entidade a promoción da igualdade.
2. Que o seu cadro de persoal estea composto por un número mínimo de mulleres no momento de presentar a proposta.
3. Que conte nos seus órganos directivos cunha porcentaxe determinada de mulleres.
4. Que apliquen determinadas políticas de igualdade á totalidade do seu cadro de persoal, e non tan só a aquelas que prestarán a actividade ou servizo que será obxecto da subvención.

COMO SE INCLÚEN?

Fase 2. Redacción

Como incluílas como criterios de preferencia ou desempate?

Deben estar vencelladas co obxecto da prestación e abranguer medidas das que dispoña a empresa –ou que se comprometa a implementar– a maiores; medidas que favorezan a igualdade de trato e as oportunidades que non estean estipuladas na normativa vixente, é dicir, que xa sexan obrigatórias (CONTRATACIÓNS)

Algúns exemplos...

- Acreditación da adopción de medidas encamiñadas a posibilitar a conciliación das persoas responsables da execución da prestación.
- Estar en disposición, sen ter a obriga legal de facelo, dun Plan de Igualdade.

COMO SE INCLÚEN?

Fase 2. Redacción

Como incluílas como condicións de execución ou obrigas?

Detallan como se debe desenvolver a prestación na práctica, debendo establecerse os criterios de igualdade que máis se adecúen ás necesidades e aos obxectivos de cada prestación. Se son establecidas con carácter esencial, o seu incumprimento pode supoñer a imposición de sancións ou penalidades ou, incluso, a disolución do contrato ou o reintegro da contía subvencionada.

Algúns exemplos...

1. Esixir que entre o persoal responsable da prestación haxa alguén con formación acreditada de 200 horas como mínimo en materia de xénero e igualdade.
2. Esixir a elaboración ou dispoñer dun protocolo contra o acoso sexual e por razón de xénero en relación ás persoas adscritas para a execución da prestación.
3. Esixir medidas de conciliación para o persoal profesional responsable da execución da prestación.
4. Esixir o uso inclusivo e non sexista da linguaxe e da comunicación, tanto escrita como audiovisual.

COMO SE INCLÚEN?

Esta fase é **primordial para que as cláusulas** sexan verdadeiramente eficientes, **teñan un impacto real**, respecten os criterios estipulados e a normativa vixente, e que velen polo seu impacto estratéxico. É preciso tomar conciencia de que **a licitación non finaliza coa adxudicación do contrato senón coa súa correcta execución.**

Fase 3.
Execución e verificación

- Obrigas esenciais
- Penalidades, rescisión e prohibición
- Verificación e acreditación
- Control e avaliación

Contratación	Subvención	Ambas

OLLO!

Algúns erros e omisións respecto a esta fase son:

- Non introducir ningún sistema de control.
- Non fixar ningún tipo de sanción, penalización ou consecuencia.
- Non estipular a documentación específica a entregar coa que acreditar ou verificar o seu cumprimento.

Esencial especificar nos pregos e nas bases un procedemento automático e homoxéneo a través do cal se acredite o seu cumprimento, asignar funcións e prever sancións, ao tempo que se determinan os mecanismos de control que vai empregar a Administración.

Correspóndelle sempre á empresa ou á entidade (e sen requirimento previo) acreditar o seu cumprimento ao chegar a documentación solicitada.

COMO SE INCLÚEN?

Fase 3. Execución e verificación

Exemplos concretos:

1. Cubrir un cuestionario de avaliación en relación coas condicións especiais de execución establecidas.
2. Esixir ás empresas e ás entidades a realización de reunións periódicas coa Administración para o seguimento, o control e a verificación do cumprimento cos criterios solicitados. É a propia Administración a que determina os prazos concretos de reunión, que se prolongan durante a vixencia do contrato/subvención.

Proposta específica de cláusula de control e de verificación para as subvencións públicas:

1. Os criterios de valoración e as obrigas en materia de xénero e igualdade recollidas nas bases reguladoras e/ou que fosen asumidas polas persoas ou entidades beneficiarias serán de obrigado cumprimento.
2. As persoas ou as entidades beneficiarias están na obriga de acreditar o seu cumprimento conforme á documentación requirida e a someterse ás actuacións de control e de comprobación.
3. En caso de incumprimento, en función da súa gravidade, cualificaranse como infraccións leves, graves ou moi graves, derivándose as sancións previstas na lexislación de subvencións.
4. En caso de incumprimento, procederase a iniciar de oficio o correspondente expediente sancionador.

QUE DEBEN CONTER?

Que debe conter unha cláusula social de igualdade?

Unha cláusula social de igualdade debe estar perfectamente delimitada e pechada, sen dar lugar a múltiples interpretacións.

- **Tipoloxía.** Especificar se é un requisito previo, un elemento de valoración, un criterio de desempate ou unha condición de execución.
- **Obxectivos.** Fins que se perseguen.
- **Aspectos clave.** Aspectos necesarios e fundamentais a considerar para a súa implementación e a súa execución.
- **Repercusións esperadas.** Proceso que supón a súa aplicación tanto para a Administración coma para as empresas ou as entidades.



Capítulo 3.

Exemplos específicos de cláusulas sociais de igualdade

QUE CONTÉN?

EXERCICIOS PRÁCTICOS

QUE CONTÉN ESTE CAPÍTULO

Neste capítulo da guía recóllense exemplos específicos de cláusulas sociais de igualdade como criterios de adxudicación e de condicións de execución para os contratos. Tamén se recollen os criterios de valoración e as obrigas para as subvencións. Estes exemplos son susceptibles de ser copiados e adaptados nos pregos de contratación ou nas bases reguladoras para as subvencións. Os exemplos específicos de cláusulas sociais de igualdade están divididos segundo o obxectivo buscado coa súa incorporación.

CONTRATACIÓNS PÚBLICAS	Criterios de adxudicación	Voluntariedade
	Condicións de execución	Obrigatoriedade
SUBVENCIÓNS PÚBLICAS	Criterios de valoración	Voluntariedade
	Obrigas	Obrigatoriedade

Atoparedes exemplos concretos de cláusulas sociais de igualdade sobre os seguintes temas:

1. Criterios xenéricos para a incorporación da perspectiva de xénero
2. Datos desagregados por sexo
3. Formación en materia de xénero e igualdade
4. Emprego non sexista e inclusivo da linguaxe
5. Experiencia e traxectoria en materia de igualdade
6. Persoas físicas ou xurídicas concorrentes
7. Emprego do servizo por parte de usuarias ou beneficiarias
8. Deseño, execución e avaliación contractual con perspectiva de xénero
9. Igualdade retributiva
10. Melloras laborais ou salariais
11. Contratación de mulleres para a execución (do contrato, proxecto ou actividade)
12. Medidas de conciliación
13. Prevención do acoso sexual e por razón de sexo
14. Prevención dos riscos laborais con perspectiva de xénero
15. Criterios de incremento económico

EXERCICIOS PRÁCTICOS

[**Material de apoio**: exemplos específicos de cláusulas sociais de igualdade. Podedes acceder a través do seguinte código QR]

integra
O XÉNERO

Exercicio 1. Contratación dun servizo de mantemento e conservación de zonas verdes, xardíns, arborado e áreas de recreo e ocio

Obxecto do contrato:

O obxecto do contrato é a realización do servizo de conservación e mantemento integral dos espazos verdes, xardíns, arborado viario, áreas de xogos infantís e deportivas e outras zonas públicas descritas no Prego de prescricións técnicas.
A prestación deste servizo comprende a realización das distintas labores de conservación e mantemento dos elementos vexetais e non vexetais especificados no prego de prescricións técnicas, así como a limpeza das zonas verdes, xardíns, arborado e áreas de recreo e ocio especificadas no Anexo 1.

Aspectos a ter en conta

- Contratación de persoal para a execución do contrato.
- Igualdade retributiva.
- Formación en materia de xénero e igualdade para o persoal que preste o servizo.
- Medidas de conciliación.
- Prevención dos riscos laborais con perspectiva de xénero.
- Prevención do acoso sexual e por razón de sexo.

Cláusulas a desenvolver:

⇒ Criterios de adxudicación
⇒ Condicións de execución
⇒ Criterios de prohibición para a contratación

Exercicio 2. Subvención a entidades sociais locais para programas de emerxencia social e inclusión social para a poboación en risco de exclusión

Obxecto da subvención:

O obxecto da subvención é fomentar a posta en marcha de medidas dirixidas a compensar as dificultades que presentan determinados colectivos, impulsando o desenvolvemento de programas baseados principalmente na atención a persoas que atravesan por procesos de enfraquecemento dos seus vínculos persoas e/ou sociais e que precisan dun acompañamento técnico que facilite e/ou posibilite a súa inserción social e laboral. Dentro deste contexto, os preceptos de rendas mínimas e as persoas pertencentes a colectivos con dificultades de integración social como as persoas xitanas, as persoas migrantes, as persoas sen fogar, as familias monomarentais ou monoparentais, entre outras, considéranse grupos moi vulnerabilizados, agravándose a situación polo mero feito de ser mulleres, influíndo a variable xénero nun maior risco e/ou agravante de exclusión social.

Programas subvencionables:

1. Programas dirixidos á inclusión social da poboación xitana;
2. Programas dirixidos á inclusión social da poboación migrante;
3. Programas dirixidos á inclusión social de familias monomarentais e monoparentais;
4. Programas dirixidos á inclusión social de persoas sen fogar;
5. Outros programas dirixidos á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social;
6. Tamén serán subvencionables os programas complementarios de educación e apoio familiar dirixidos a familias en situación ou risco de exclusión social.

Exercicio 2. Subvención a entidades sociais locais para programas de emerxencia social e inclusión social para a poboación en risco de exclusión

Aspectos a ter en conta

- Criterios xenéricos para a incorporación da perspectiva de xénero de forma transversal na entidade.
- Deseño, execución e avaliación da subvención con perspectiva de xénero.
- Recollida de datos desagregados das persoas beneficiarias ou usuarias.
- Formación en materia de xénero e igualdade do persoal traballador e/ou voluntariado da entidade.
- Experiencia e traxectoria en materia de igualdade do persoal traballador da entidade.
- Deseño, execución e avaliación contractual con perspectiva de xénero.
- Persoas físicas ou xurídicas concorrentes.
- Emprego do servizo por parte de persoas usuarias ou beneficiarias.
- Prevención do acoso sexual e por razón de sexo.
- Prevención dos riscos laborais con perspectiva de xénero.
- Criterios de incremento económico.

Cláusulas a desenvolver:

⇒ Criterios de valoración
⇒ Obrigas
⇒ Criterios de prohibición para a concorrencia



Na área de Igualdade da páxina web da Deputación da Coruña (www.dacoruna.gal), podedes atopar un recurso audiovisual, a modo de *Visual Think*, que resume os principais aspectos desta **Guía de apoio para o establecemento de cláusulas sociais de igualdade.**

Nos apartados **Caixa de ferramentas** podedes atopar múltiples recursos metodolóxicos e prácticos que vos axudarán a incorporar, dun xeito transversal, o principio de igualdade e a perspectiva de xénero nas vosas Administracións públicas. Tamén podedes aceder a través do código QR.

MOITAS GRAZAS !

O XÉNERO

Guías para a incorporación do principio de igualdade de xénero nas políticas públicas

Guía de apoio para o establecemento de cláusulas sociais de igualdade

Deputación DA CORUÑA

IGUALDADE DE XÉNERO
DEPUTACIÓN DA CORUÑA